

Título: "Medio Ambiente a clave para erradicar a pobreza"

Autora: Judith Sing Jackson

Entidade: Amigos da Terra

Palabras claves: medio ambiente, cooperación, pobreza, sostibilidade ambiental

Introducción:

Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que ten como misión o fomento do cambio local e global cara a unha sociedade mais respetuosa co medio ambiente, xusta e solidaria. O obxectivo principal é a defensa do medio ambiente. Destacamos polo traballo desenvolvido na construción dunha cidadanía social e ambientalmente comprometida, no marco dunha activa participación na federación de Amigos da Terra Internacional, con máis dun millón de socios en 70 países dos cinco continentes.

Unha das áreas de traballo importante é a Cooperación ao desenvolvemento que nos caracteriza, xa que somos a única organización ecoloxista galega que fai cooperación, por suposto cunha liña clara, a protección do medio ambiente desde unha visión integral. Para nós o verdadeiro desenvolvemento é aquel que preserva e mellora as bases ambientais, polo tanto para manter a saúde da biosfera é necesario garantir o desenvolvemento integral (social, económico, cultural, medioambiental) da sociedade humana.

A degradación do medio ambiente constitúe unha forma de privación de capacidades que afecta directamente á calidade de vida das persoas, polo que é preciso que os proxectos de cooperación ao desenvolvemento incorporen transversalmente desenvolvemento humano e sostibilidade como conceptos indivisibles.

Tal e como o recolle o plan director de cooperación que cito a continuación “a defensa do medio ambiente é un requisito fundamental de calquera proceso de desenvolvemento que pretenda a súa perdurabilidade no tempo”¹.

Partendo desde premisa Amigos da Terra comeza a súa andaina en cooperación desde o ano 2004, desenvolvendo proxectos de cooperación en Latinoamérica, os países prioritarios onde traballa son Nicaragua e O Salvador, e proximamente Honduras. Ditos

¹ Plan Director de Cooperación Galega 2006-2009, Dirección Xeral de Cooperación Exterior, Xunta de Galicia

proxectos caracterízanse por ter unha línea medioambiental, logrando ser un referente a nivel de Galicia, a finalidade da cooperación é a busca das capacidades locais e un maior respecto ao medio ambiente. *O fin último é reverter a situación das comunidades que sofren condicións de exclusión e extrema pobreza.* Aínda que o traballo en cooperación é relativamente corto, a nosa entidade conta con todo o respaldo da nosa organización estatal que leva máis de 10 anos traballando en cooperación.

Ao longo destes anos Amigos da Terra foi asumindo un compromiso cada vez maior ca problemática social, educativa e produtiva vinculada ao medio ambiente, ca garantía de equidade nas relacións de xénero e cos dereitos das comunidades locais. É así que o noso traballo caracterízase principalmente por sete elementos claves:

1.Cooperación e non intervención, sempre baseada no respecto dos dereitos e opinións das comunidades locais.

2.Visión plural de desenvolvemento, que inclúe crecemento económico, igualdade, participación social, sostibilidade ambiental e interculturalidade.

3.Igualdade social e interxeracional como un obxectivo constante da nosa cooperación.

4.Unha visión a medio prazo en tódalas accións, escapando do carácter cortoplacista dos proxectos.

5.Pluralidade en canto aos actores e busca de sinerxias que fortalezan o proceso.

6.Creación de capacidades locais e incorporación efectiva dos beneficiarios.

7.Promoción do traballo feito nos países en desenvolvemento, a través da sensibilización na nosa sociedade.

As liñas de actuación nos proxectos nos que estamos a traballar na actualidade centranse en: fortalecemento institucional, conservación, ecoturismo comunitario, produción sostible, protección e control dos recursos naturais, investigación e divulgación, pesca artesanal, organización comunitaria, etc.

O enfoque que desde o seus comezos dimoslle a Cooperación permitiu acadar logros importantes nos procesos de desenvolvemento nos países onde traballamos, entre eles podemos mencionar: planificación participativa de áreas protexidas, visión multidimensional de desenvolvemento, implicación de todos os actores (governos locais, comunidade, institucións públicas, etc.), participación de todos e todas os beneficiarios en todas as fases do proxecto, elaboracións de plans de ordenamento de áreas protexidas, apoio á xestión descentralizada de áreas protexidas, educación para o desenvolvemento, eixe fundamental a todas as fases dun proxecto.

Consideramos que a cooperación con enfoque ambiental é aínda unha asignatura pendente no mundo das organizacións que fan cooperación en Galicia, porque existe unha falsa concepción ao pensar ca cooperación en medio ambiente é un tema illado e que aí outras necesidades máis importantes como a educación, a saúde ou a guerra; ao contrario cando falamos dun proxecto de cooperación cunha liña ambiental estamos falando de **“sostibilidade”**, que inclúe aspectos económicos, sociais, culturais e medioambientais.

Deste xeito Apostar pola **“erradicación da pobreza a través dunha xestión integral do medio ambiente”**, é clave para conseguir que as comunidades empobrecidas melloren a súas condicións de vida, por iso a sostibilidade convírtese nunha condición necesaria para lograr avances en outras liñas sectoriais como os dereitos humanos, as necesidades básicas, economías populares, diversidade cultural, etc. (Hoyos David, 2006)², por iso precisamos que este tema se interiorice e que xa que está recollido como prioridade dentro do *Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*, sexa aplicado como ten que ser e non como un mero trámite administrativo.

2 Hoyos, D., Sostibilidade y desarrollo: la cooperación al desarrollo desde la perspectiva de la economía ecológica, Unidad de Economía Ambiental. Instituto de Economía Pública (UPV/EHU) 2007.